

O NEGOCIO DA EXPLOTACIÓN NO NOSO PAÍS

Nº DE MULLERES EXPLOTADAS SEXUALMENTE

Arredor de **400.000** mulleres son prostituídas en España, das cales o 90% son inmigrantes procedentes de países pobres. Aínda que non se dispoñen de datos oficiais, calcúlase que aproximadamente unhas **8.000** mulleres son prostituídas en Galicia.

VOLUME DO NEGOCIO

A ONU estima que a trata de persoas constitúe a terceira industria criminal do mundo.

Segundo datos das Cortes Xerais gastamos diariamente **50 millóns** de euros en prostitución, máis de **18.000 millóns** de euros ó ano.

Así mesmo, calcúlase que case un de cada tres homes explotou sexualmente a unha muller e que un millón de homes merca diariamente os servizos de mulleres que exercen a prostitución.

PRESENZA DE REDES MAFIOSAS NO NOSO PAÍS

Segundo a ONU España é un dos 10 países do mundo con maior número de **redes mafiosas de prostitución operando dentro do seu territorio.**

SECRETARÍA XERAL DE IGUALDADE
www.mulleresengalicia.org

TELÉFONO DE INFORMACIÓN ÁS MULLERES: 900 400 273

GARDA CIVIL **062**

POLICÍA LOCAL **092**

EMERXENCIAS **112**

URXENCIAS **061**



XACOBEO 2010
Galicia



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"



GOBERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE SANIDAD, POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE



XUNTA DE GALICIA



DETRÁS DO LUMINOSO EXISTE UN NEGOCIO BEN OSCURO. NON MEROQUES SEXO

XUNTA DE GALICIA

Que é a Trata de persoas con fins de explotación sexual?

É unha actividade lucrativa vinculada ás redes de delincuencia e corrupción.

Estas redes con fins de explotación sexual captan a mulleres, nenos e nenas, que se atopan en situacións de enorme vulnerabilidade socioeconómica.

Comeza coa captación da persoa no seu país de orixe para ser trasladada ata un destino macabro onde é privada de liberdade, sometida a abusos sexuais, e retida por medio de ameazas e forza física.

Estas persoas son tratadas como un obxecto sexual e comercial, tanto polos tratantes, proxenetas (*chulos*), propietarios de clubs e pisos de alterne, así como polos clientes deste tipo de locais.

EXPLOTACIÓN *sexual*

SABÍAS QUE...?

... A maioría son mulleres de 18 a 30 anos en situación de pobreza

... Convértense en nais sendo moi novas

... Proceden de países como Brasil, Colombia, Romanía, República Dominicana, Nixeria...

... Deixan atrás a súa familia e o seu país para buscar mellores oportunidades en Europa

... Son as sustentadoras principais das súas familias no seu país de orixe

EN QUE SITUACIÓN SE ATOPAN ...?

Son captadas frecuentemente por amizades, familiares, parellas...

A gran maioría son enganadas coa promesa de traballos idílicos ou "normais" no país de destino, descoñecendo o que lles espera: a prostitución.

O traslado ao país de destino adoita realizarse con documentación falsificada e evitando o control dos postos fronteirizos.

No país de destino son compradas e vendidas reiteradamente para explotalas sexualmente en diferentes clubs, pisos ou na propia rúa.

As ameazas reiteradas contra elas e a súa familia impiden que tenten pedir axuda ou escapar da situación de escravitude a que se ven abocadas.

Viven nunha situación administrativa irregular e como forma de control e coerción os proxenetas retíranlles a documentación.

Dada a súa situación, presentan síntomas de depresión, ansiedade, ganas de chorar, tristeza, cambios de ánimo, dores, insomnio, fatiga, problemas xinecolóxicos, diferentes enfermidades e adiccións.

Habitualmente son obrigadas a consumir drogas e vendelas aos prostituidores.

Os cartos que obteñen das prácticas sexuais son destinados a pagar ao proxeneta as débedas económicas, as sancións impostas, o aloxamento e a manutención.

É HABITUAL QUE ESCOITEMOS...

“ *As mulleres prostituídas gañan moitos cartos* ”

A maioría das mulleres en situación de prostitución non son vítimas de trata

As mulleres que son prostituídas gozan e gústalles esa vida

As mulleres xa sabían ao que viñan: “Non veñen enganadas”

A prostitución é un oficio como outro calquera ”

PERO A REALIDADE É BEN DIFERENTE...

Non son as mulleres as que se benefician desta situación, senón que son os proxenetas os que se enriquecen. A trata e o tráfico de mulleres para as redes é un dos negocios máis rendibles, xunto co tráfico de drogas e armas.

Unha alta porcentaxe de mulleres nesta situación **sofren ou sufriron a violación dos seus dereitos humanos máis básicos** en mans de redes, “clientes” e por suposto dos donos de clubs de alterne.

A explotación sexual supón a redución máxima dunha persoa a ser un mero obxecto. A persoa reducida a esta condición está exposta a un trato vexatorio, humillante e mesmo violento que a ninguén lle pode gustar.

En ocasións as vítimas de trata saben que van prostituírse no país de destino. **Pero isto non implica que coñezan e acepten as condicións de escravitude, humillación, falta de liberdade...** a que son sometidas finalmente.

As mulleres prostituídas non se dixeron un día a si mesmas “eu quero ser prostituta”. **A venta do corpo é unha opción imposta pola cultura e os costumes,** unha estratexia de supervivencia ditada pola falta de alternativas.